

*Veracruz*

*77*

RAMON ANTONIO PERNAS ROPEZ

EDAD: 25 AÑOS

PROFESION : PERIODISTA

DOMICILIO: PLAZA DE ARTEIJO, 13-4<sup>o</sup>-4.

M A D R I D - 29

*Raúl Fernández*

CANCION DO EISILIO

RAÚL

A gallopei o mar,  
onte cheguei, ningures me agardaba.

Eu viña de moi lonxe,  
doíame  
a equipaxe.

Voltei do eisilio

nunha mañan moi fonda,  
cheiraba o vento,  
recendendo a acacias.

Eu viña de moi lonxe,  
doíame  
a equipaxe.

Trouxen pombas,  
o lume,  
trouxen a espranza.

Esbarabanme as bágoas,  
coma un neno.

Eu viña de moi lonxe,  
doíame  
a equipaxe.

A rúas nuas de Bos Aires,  
teceron noites de medo  
e lonxanía.

Os mortos coñedidos, os retratos  
compañeiros,

non voltarán xa nunxa  
das cunetas urbans,  
dos silabarios,  
dos abrentes silandeiros,  
das proclamas da morte,  
non voltarán xa nunca,  
os compañeiros.

Eu viña de moi lonxe,  
doíame  
a equipaxe.

Sobrevivín ó noxo,  
a traición, a morte, o medo,

loitei por unha terra asoballada,

\* agallopei o mar,  
voltei de eisilio.

Onte cheguei, ningures me agardaba.